

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 e 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **EXTRAORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa do Concello o **LUNS día 01 de XULLO/2019 ás 09 HORAS, 30 MINUTOS** en primeira convocatoria e en segunda convocatoria á mesma hora, dous días despois segundo dispón o artigo 90 do ROF; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación da acta da constitución da Corporación e elección de Alcalde de data 15 de xuño de 2019.

2º.- Coñecemento polo Pleno da composición dos grupos políticos municipais e os seus voceiros.

3º.- Proposta de aprobación de periodicidade das sesións ordinarias plenarias.

4º.- Dar conta de decretos de Alcaldía núms. 229/219 (Nomeamento Tenentes de Alcalde e Xunta de Goberno) e 230/2019 (Delegación de áreas).

5º.- Proposta de creación, composición e funcionamento das comisións informativas.

6º.- Proposta de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan competencia de Pleno.

7º.- Determinación de retribucións, indemnizacións e asistencias.

A presente convocatoria entregarase a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE

